



CONCELLO DE TEO

D^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 18 de decembro de 2025, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D. SANTIAGO ROMERO LEMA

EXPEDIENTE: 2025/G003/001721

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 26 de novembro de 2025 presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D. Santiago Romero Lema (rex. entrada nº 5346).

Considerando que a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, atopábase correcta, formulouse, con data de 5 de decembro de 2025, proposta de adxudicación a favor da persoa citada, de conformidade co previsto na cláusula 20 do prego de condicións, requiríndoselle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.



CONCELLO DE TEO

Considerando que a citada proposta foi notificada ao interesado con data de 5 de decembro de 2025 (registro de saída núm. 20250000003118), publicándose na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios na mesma data.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente polo interesado, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 16 de decembro de 2025 (rex. entrada núm. 5707).

Vista a proposta da Alcaldía, de asignación concreta de nicho, de data de 18 de decembro de 2025

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 29 A do bloque 2 do Cemiterio municipal do Concello de Teo, a D. Santiago Romero Lema, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de 15/03/2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96 TRLCSP. A estes efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente, o importe da garantía definitiva, por cada nicho adxudicado, ascende a 35,80 € (3% 1.193,21).

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle ao adxudicatario que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz